

# Reboiras,

o camiño da rebeldía

Primeira edición, 1ª impresión, 2021

© Xurxo Martínez González

© Xosé Manuel Pereiro

Aira editorial, 2021

© Follas Voadoras, SL

Praza da Torre Lombarda, 1 Baixo

32660 Allariz

Deseño e maquetación: Xan Carballa.

Capa: Miguel Mosquera.

Fotografías:

Arquivo Familia Reboiras (p. 16, 18, 20, 23, 24, 26, 32, 35, 36, 37,  
38, 40, 41, 42, 45, 48, 71, 88, 120, 131, 134, 182),

Xan Carballa (8, 111, 125, 174, 189, 192, 197, 200, 201, 203, 204,  
206, 207, 208, 210, 212, 214, 215, 216, 217),

Francisco X. Redondo Abal (39), Luís *Foz* (58),

Museo Arqueolóxico de Ribadavia (68),

Fundación 10 de Marzo (75),

Carlos X. Díaz (90), *Reboiras, acción e corazón* (181, 190, 205, 215),

Fundación *Terra e Tempo* (190,195),

Arquivo Penzol (54, 60, 85, 87, 99, 114, 128, 176),

Arquivo Xosé M. García Crego (63, 73, 82, 93, 104 109, 113, 126,  
160, 193), Ramón Muñiz (116, 117, 132, 134, 136),

Luis García Crego (146)

Impresión: Imprenta Mundo.

ISBN: 978-84-123849-2-5

DL: OU 134-2021

Reservados todos os dereitos.

O contido desta obra está protexido pola lei.

# Reboiras,

o camiño da rebeldía

Xurxo Martínez González  
Xosé Manuel Pereiro





*A Marcelo e a quen deron os mellores anos da súa  
vida por unha Galicia con voz propia*

As historias, para ben contalas, hai que comezalas polo principio. Este libro agromou como unha proposta da Comisión do 35º Aniversario Moncho Reboiras<sup>1</sup>, co seu irmán Manuel Reboiras á cabeza, coa intención de darlle a aquel rapaz un volume e unha profundidade máis alá da imaxe en dúas dimensións coa que é habitualmente representado en muros e carteis. Se botamos contas, aquel agromo tardou en facerse árbore algo máis de dez anos. Non parece evidenciar unha dilixencia excesiva tendo en conta que o biografado morreu aos 25. Pero non se pode completar a figura dun home como Reboiras, por moi novo que sexa, sen caer na tentación ou na necesidade de afondar no contexto no que se desenvolveu. Non sabemos tampouco se esta arboriña é o que tiñan en mente quen a plantaron. Esta non é, desde logo, a historia da UPG, nin tampouco dos primeiros anos da UPG, nin sequer dos escasos seis anos nos que Reboiras militou na organización. Tampouco pode ser soamente a historia de Reboiras.

(1) Integrada por Abelardo Alonso, Xosé María Brañas Pérez, Elsa Costas, Xosé Manuel García Crego, Francisco García Montes, Xosé González Martínez, Margarita Ledo Andión, Manuel Lima, Francisco Lores Santacecilia, Xurxo Martínez González, Xosé Luís Méndez Ferrín, Camilo Nogueira Román, Fernanda Padín Ogando, Cuqui Piñeiro, Manuel Reboiras Noia, Xosé Lois Ríos Paredes e Xesús Vázquez González.

O contexto histórico do sanguento paso da ditadura franquista ao réxime que agora temos está ben contado («ben» máis no senso de «moito» que de «satisfactorio»). Non o está tanto —ao cabo, a historia escríbena os vencedores— o dunha xeración que asumiu, con xenerosidade e afouteza, a necesidade de combater democraticamente o feixismo, desde a esquerda arredista, e a da construción dun futuro de xustiza social e liberdade nacional. Foi a xeración da que formou parte Xosé Ramón Reboiras, e quixemos reconstruír a súa personalidade como parte da memoria daqueles homes e mulleres que compartiron os seus soños e a súa loita. A idea de partida non era desvelar misterio ningún, porque na vida e na morte de Reboiras todo, ou case todo, é sabido, pero si librar a súa figura de moitos engadidos, negativos ou positivos, ben ou mal intencionados, que a foron desvirtuando. O primeiro, a icona, a imaxe canónica que durante moitos anos foi a que o representou. Debaixo da perruca e do bigote que constituían o seu disfrace de militante clandestino nos últimos meses da súa vida agachábase un mozo de amplo sorriso e mirada franca, como testemuñan as fotos familiares e a memoria de quen o coñeceu.

Esa foto, a súa imaxe máis divulgada e tamén a menos representativa, campaba na primeira biografía coñecida de Xosé Ramón Reboiras Noia (alias *Pepe*, *Moncho*, *Rianxo* ou *Licho*) publicada no número 34 de *Terra e Tempo*. Saíu no Nadal de 1975, poucos meses despois do seu asasinato, e tanto a foto coma o relato do compañeiro morto a tiros había pouco serviron de guión durante moitos anos para describir o seu curto percorrido vital. O sucinto traballo biográfico asinado por Teis (Xosé González Martínez) no número 2 de *Sempre en Galicia* (febreiro de 1979), voceiro do Partido Galego do Proletariado, engadía unha análise política da actividade de Reboiras á mera narración dos feitos. Despois houbo outras, como a colección de recordos dos daquela compañeiros de militancia, recompilada pola



Anualmente lémbrese a figura de Moncho Reboiras na súa aldea natal.

Fundación Bautista Álvarez. A contribución máis recente é o filme *Reboiras. Acción e corazón* (Alberte Mera, 2020). En xeral, as obras sobre Reboiras, empezando por aquela que saíu en decembro do mesmo ano da súa morte, que se titulaba *Moncho: recollemos o teu fusil e o teu exemplo*, poñen o acento na loita armada. Este asunto foi, con certeza, o elemento máis tratado e reivindicado, para ben ou para mal, da súa existencia. Pola contra, deixouse durante moitos anos á marxe toda a actividade que realizou tanto nas estruturas políticas internas da UPG coma no eido sindical. A de que Reboiras era un home cunha pistola é, dicímolo de entrada, unha percepción falsa.

Hai unha corrente de pensamento, desgraciadamente cada vez máis hexemónica, que cualifica persoas, posturas e feitos acorde cos parámetros actuais, independentemente do contexto no que se produciron no seu día. Efectivamente, Moncho Reboiras asumiu a tarefa de erguer unha organización de defensa que, chegado o momento, podería usar armas para conseguir os seus obxectivos (tan certo é iso como que, case con total seguridade, Reboiras non disparou

nunca aquela pistola, nin ningunha outra, contra ninguén). Iso pasou en época tan relativamente próxima á nosa como 1975. Aínda non pasaron nin dúas xeracións. Daquel ano, as efemérides que recorda a maioría do mundo occidental ao que agora pertencemos de forma entusiasta son a constitución de Microsoft, o lanzamento por Volkswagen do seu modelo Golf, ou a saída de *Bohemian Rhapsody*, de Queen. Pero o que se recorda daquela España de 1975 é un veterano ditador, un militar de aspecto melifluo cun uniforme e un cargo —«Generalísimo»— que el propio inventara, despedindo o seu réxime da mesma maneira que o instaurou, con sangue. Neste caso a dos cinco militantes antifascistas, dous deles galegos, aos que fixo fusilar.

Aquel mesmo 1975 no que un tribunal estadounidense condenaba os implicados no Watergate, o escándalo desvelado pola prensa no que estaba envolvido nada menos que o presidente Richard Nixon, a policía española aínda usaba cos detidos a ameaza de tratalos como a Enrique Ruano, o estudante morto ao precipitarse por unha ventá nun interrogatorio (probablemente despois de que lle disparasen, e de serrarlle a clavícula onde se aloxou a bala). E o papel da prensa española foi o de difundir un diario manipulado pola autoridade gobernativa como mostra das tendencias suicidas do asasinado. Hai cousas que poden ser contemporáneas, e mesmo conterráneas, pero acontecen en mundos moi distintos, que non teñen máis relación ca o calendario.

Nós quixemos partir doutra mirada, máis aló da pretendida narración obxectiva e omnisciente. Partir, en realidade, desde outras miradas. Poñelas no contexto da época e confrontalas co paso do tempo. Fixémolo por dúas vías. Por unha banda, en base á documentación de época, moi fragmentaria e escasa: prensa legal e clandestina, documentación interna, propaganda, libros especializados... Pola outra, coa xente que coñeceu a Reboiras. Esta segunda vía, sen dúbida a máis complexa, foi tamén a máis gratificante. Obrigounos, ou mellor, permi-



tiunos falar cunhas persoas que a finais dos anos 60 e comezos dos 70 do século pasado tiñan a ilusión, a obriga ética, o soño ou a teima de que, como quería Uxío Novoneyra, Galicia fose «outra cousa». Unha terra liberada, de homes e mulleres libres. Parte importante dos piares do que hoxe temos erguéronse grazas aos esforzos daquela xente, cos seus acertos e cos seus erros. Xente que entón tiña pouco máis de vinte anos na súa gran maioría, e que necesitou superar unha chea de obstáculos para formarse ideoloxicamente.

Así que lles estamos moi agradecidos a Mariano Abalo; Xosé Abelardo Alonso; Xosé María Brañas; Darío Xohán Cabana; Lois Diéguez; Xosé Manuel García Crego; Ramón González Costas, alias *Moncho de Barreras*; Luís Gonçalves Blasco, alias *Fox*; Xosé González Martínez, alias *Pepe de Teis*; Henrique Harguindey; Inácio Hernando, alias *Cholo*; Margarita Ledo Andión; Manuel Lima; Xan López, alias *Lito*; Anselmo López Carreira; Joam López Facal; Xaquín López Facal; Francisco Lores; Xaquín Méndez Anta; Xosé Luís Méndez Ferrín; Manuel Mera; Ramón Muñiz de las Cuevas; Camilo Nogueira; Xosé Ignacio Parrado; Xosé Manuel Pavón; Luís Pérez Rivas, alias *O Bighotes* e *O Nasidas*; Manuel Reboiras; Manolo Fernández Rodríguez, alias *Manolo de Remesar*; Lois Ríos; Francisco Rodríguez; Xesús Sanxoás; Elvira Souto; Alfredo Suárez Canal e Marisa Vázquez Barquero. E temos que desculparnos con moitos outros que tamén o coñeceron, que loitaron con el, aos que non tivemos a ocasión de darlles a oportunidade de contar as súas experiencias.

Con todos falamos, unha ou máis veces, por xunto ou por separado, daqueles tempos e destes. Gravamos vídeo nalgúns casos, sempre rexistramos audio —quitado nunha ocasión—, e intercambiamos chamadas telefónicas, mensaxes e correspondencia electrónica con precisións sobre o xa dito. Xosé Manuel Pavón desvelounos que o pai dun de nós axudara a Reboiras («ten Reboiras falado máis con teu pai ca

ti comigo»). Con *Lito* e Manolo de Remesar, tan amigos coma discutidores entre eles, impuxémoslle a todo un vagón do Avant Vigo-A Coruña un vivo —e posiblemente estentóreo de máis— debate sobre presente e futuro do nacionalismo e a esquerda, e tácticas, estratexias e maneiras correctas ou proveitosas de cultivar o monte. Ramón Muñiz de las Cuevas, o inesquecible *Marcelo*, faleceu durante o longo proceso de elaboración deste libro, deixándonos a amarga sensación de que puidemos ter desfrutado máis da súa conversa. Mantivemos unha xuntanza con algúns dos nosos entrevistados no que pensabamos que era un discreto reservado dun bar de Bouzas e que resultou ser un merendeiro moi popular, moi familiar e ruidoso de máis. Desprazámonos até Baños de Molgas, nun día solleiro, para escoitar a Méndez Anta onda o fluír incansable do Arnoia. Posiblemente o animado da primeira conversa con Margarita Ledo, no soto de Numax, interaccionou algo coa presentación dun libro de poesía que tiña lugar enriba das nosas cabezas, na librería. E tomamos café con Camilo Nogueira e Elvira Souto nunha terraza a carón do vello cuartel do Hórreo en Compostela, que posiblemente aqueles rapaces nunca imaxinaron que chegaría a ser sede do Parlamento do seu país. Ao cabo, celebramos un xantar en Vigo, onte todo comezou. Os que puideron asistir, chegados de toda Galicia, compartiron mesa con compañeiros que, nalgún caso, non vían desde había trinta ou corenta anos.

Esta chea de horas de conversas obríganos por unha parte a ser enormemente respectuosos coa memoria dos entrevistados, e por outro a facer tanto unha escolma de declaracións coma unha análise debullada destas, un necesario contraste de versións non sempre coincidentes nos detalles. Pasaron corenta e cinco anos e a memoria é fráxil e ademais varre para a casa.

Non seríamos honestos con quen vaia ler isto, nin coa realidade que lle queremos transmitir, se non confesásemos a

nosa intención de recoller algún testemuño de alguén «do outro lado». Das forzas policiais. Coñecer que recordos tiñan daqueles feitos e como os vían agora. Fixemos varios intentos, co mesmo resultado en todos. «Non estamos falando dos responsables, simplemente de alguén que estivese alí, aínda que fose coidando dos cabalos...», diciámoslles aos intermediarios, tentando deixar por sentado que o noso interese ía máis polo relato persoal que pola declaración de parte. Mesmo chegamos a saber dun que si participara naquel operativo de Ferrol, pero negouse rotundamente a falar. Chegamos á conclusión de que non eran recordos dos que estar satisfeitos. En canto aos arquivos oficiais da época, é ben sabido que, por dicilo delicadamente, non houbo un protocolo no que respecta á súa conservación ou expurgación. Mais ben, cadaquén que quixo e puido, levou o que lle prestou e destruíu o que lle cadrou, ou o que conviña.

Os autores deste libro sometémonos ao escrutinio público de moitas persoas que conviviron directamente con Reboiras, ou que foron protagonistas daqueles feitos. Haberaos que atopen ausencias ou consideracións inexactas. Sempre haberá ocasión de completar o aquí exposto. De feito, consideramos que este libro debería ser unha oportunidade máis para xerar máis análises e para valorar todo o que pasou naqueles anos. Mesmo nos gustaría crer que o seu longo proceso de preparación e maduración xa contribuíu a que se fagan máis preguntas e se dean máis respostas das que houbo no seu momento.

XOSÉ MANUEL PEREIRO  
XURXO MARTÍNEZ GONZÁLEZ

## 1. TERRA DE IRIA, HOXE

A igrexa parroquial de San Xoán de Laíño, en Dodro, é unha construción do século XVIII que non destaca especialmente pola súa singularidade arquitectónica. En todo o caso, distínguese por como integrou o cemiterio tradicional, de lápidas terreñas, ben coidadas, que arrodean o edificio, e o novo, con nichos en altura de catro andares dispostos en fileiras. O conxunto, ao xeito tradicional, está coutado por un muro de pedra. Os restos de Moncho Reboiras repousan nun deses panteóns en altura, como un sinal daquela emigración que deixou a casa da aldea polos pisos da cidade. Para quen busque un símbolo en todo, aínda que resaltado por unha lápida de bronce, o seu nicho —onde se celebran homenaxes cada 12 de agosto— está a pé de terra.

Pero o signo máis representativo do cemiterio de Laíño é a Autovía do Barbanza que case lle pasa por riba. A tranquilidade do camposanto rural onde repousa a vítima máis característica do soño dunha Galicia liberada ten como banda sonora o ruído de fondo do tráfico rodado de milleiros de vehículos que son para moita xente o paradigma da liberdade. Laíño e Lestrobe, lugares que entraron na mitoloxía de Galicia nos versos de Rosalía, hoxe campan na sinalética da AG-11. Quizais o cemiterio onde repousan os restos de Moncho e dos seus sexa unha metáfora da Galicia real. Non é o país que soñaron Reboiras e os seus compañeiros, pero tampouco o territorio calado e servil que pretendían os amos contra os que loitaron.



A nai, Generosa Noya, cos seus dous fillos, Manuel e Xosé Ramón (á dereita), en 1954, nunha foto de estudio para enviarlle ao pai, que andaba embarcado.